

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 1 DE OUTUBRO DE 2018 POLA QUE SE ESTABLECE O CRITERIO PARA DETERMINAR AS ÁREAS AFÍNS DAS COMISIÓNS DE SELECCIÓN PARA OS CONCURSOS DE ACCESO AOS CORPOS DOCENTES UNIVERSITARIOS E PROFESORADO CONTRATADO DOUTOR NA UNIVERSIDADE DE VIGO**

Segundo o artigo 18.3 do Regulamento de Profesorado (Claustro 24/07/2012), ...“As comisións de selección dos concursos de acceso entre acreditados/as serán aprobadas polo Consello de Goberno por proposta dos departamentos, e estarán compostas por cinco membros da área de coñecemento ou de áreas afíns e de categoría igual ou superior á praza obxecto do concurso. Para estes efectos, condísaranse áreas afíns as pertencentes ao mesmo campo CNEAI.”...

Detectado que na Orde do 2 de decembro de 1994 pola que se establece o procedemento para a avaliación da actividade investigadora en desenvolvemento do Real Decreto 1086/1989, de 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, no seu Anexo II “Campos y áreas científicas” non se atopan relacionadas todas as áreas existentes na actualidade e feita unha consulta a CNEAI á que se nos responde que a relación de áreas por campos actualmente en vigor é a que se relaciona na resolución de 18 de novembro de 2009, da Presidencia da CNEAI,

Esta REITORÍA RESOLVE,

Que a efectos de composición das comisións de selección dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e profesorado contratado doutor na Universidade de Vigo, terase en conta como áreas afíns as relacionadas no Apéndice II “Campos y áreas de conocimiento. Universidades”, da Resolución de 18 de novembro de 2009, da Presidencia da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI), pola que se establecen os criterios específicos en cada un dos campos de avaliación e deixar sen efecto a Resolución Reitoral do 26 de setembro de 2018 a este respecto.

Vigo, 1 de outubro de 2018

O Reitor

Por delegación RR 21/06/2018

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

33305656T Firmado digitalmente  
por 33305656T  
MANUEL RAMOS (R:  
Q8650002B)  
Fecha: 2018.10.01  
11:56:31 +02'00'

Manuel Ramos Cabrer

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

00008735s1800001438

CSV

GEISER-44be-b3e4-2689-47be-ad7f-cc6d-16f8-27fd

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

01/10/2018 12:31:17 Horario peninsular

Validez del documento

Original

